

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

9713 *Real decreto 685/2010, do 20 de maio, polo que se regula o outorgamento de permiso temporal de navegación para determinadas embarcacións de recreo.*

A náutica de recreo experimentou un importante auxe nos últimos anos. A variedade de deseños e novos materiais utilizados na construción das embarcacións de recreo deu lugar tanto á proliferación dos modelos existentes no mercado como á mellora das condicións de adquisición e acceso a elas.

O crecemento referido anteriormente devén na necesidade de que os adquirentes destas embarcacións deban acudir a exposicións, salóns náuticos ou locais das empresas importadoras, construtoras ou concesionarias establecidas nos portos, para poderen comparar as diferentes embarcacións e mesmo proceder a probalas no medio mariño como paso previo á súa adquisición.

Co fin de realizar as ditas actividades, considérase preciso regular o outorgamento de permisos temporais de navegación para as embarcacións de recreo que, sen estaren matriculadas, realizan as actividades expostas nos parágrafos anteriores, sen prexuízo de que se establezan cantos requisitos sexan precisos para salvagardar a seguridade da navegación, da vida humana no mar e do medio mariño.

Este real decreto dítase de conformidade co disposto polo artigo 74.1 e 3 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, en relación co artigo 149.1.20ª da Constitución española, e durante a súa tramitación procedeuse a outorgar o trámite de audiencia ás entidades e interlocutores sociais máis representativos do sector da náutica deportiva e náutico-profesional, e someteuse a informe do Ministerio de Economía e Facenda e do Ministerio de Política Territorial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de maio de 2010.

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular o outorgamento de permisos temporais de navegación ás embarcacións de recreo non matriculadas que, ao seren exhibidas en exposicións, salóns náuticos, portos ou lugares utilizados polas empresas importadoras, construtoras, concesionarias ou distribuidoras antes da súa adquisición, sexan probadas mediante a realización de actividades de exhibición en augas interiores marítimas e mar territorial sobre os que España exerce a súa soberanía, nas condicións que se establecen nesta norma.

2. Así mesmo, é obxecto deste real decreto a regulación dos permisos temporais que se outorguen ás embarcacións que para seren destinadas aos centros ou eventos a que se refire o punto anterior teñan que se desprazar por mar entre dous ou máis portos ou instalacións marítimas españolas.

3. Cando as embarcacións se deban desprazar por mar entre dous portos ou instalacións marítimas españolas, atravesando augas marítimas internacionais, o permiso temporal regulado por este real decreto terá a consideración de pasavante provisional ao que se refire o artigo 22 do Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo.

4. Para os efectos do previsto neste real decreto enténdese por embarcación de recreo toda embarcación civil de calquera tipo, con independencia do seu medio de propulsión, cuxo casco teña unha eslora comprendida entre 2,5 e 24 metros e estea

destinada á realización de actividades de recreo ou lecer ou para a pesca non profesional, susceptible de se matricular nas listas 6ª e 7ª reguladas polo Real decreto 1027/1989.

Artigo 2. *Iniciación do procedemento.*

1. O procedemento iniciarase por instancia das empresas importadoras, construtoras, concesionarias ou distribuidoras, mediante solicitude conforme o modelo que figura como anexo I.

2. Os impresos para formalizar as solicitudes poderanse obter na sede das capitanías e distritos marítimos ou na Dirección Xeral da Mariña Mercante ou na páxina web correspondente.

Será preciso formalizar un impreso de solicitude por cada embarcación.

Artigo 3. *Documentación exigible.*

Ás solicitudes reguladas no artigo anterior deberánselles xuntar os seguintes documentos:

- a) Número de identificación da embarcación (CIN).
- b) Copia da declaración escrita de conformidade das embarcacións e dos motores ou marcación CE. No caso de se tratar de prototipos que non dispoñan da marcación CE, deberánse xuntar os cálculos que demostren a categoría de deseño das embarcacións, así como a súa estabilidade e francobordo.

c) Declaración responsable da empresa solicitante de que as embarcacións para as cales se solicita o permiso temporal dispoñen a bordo do seguinte equipamento:

- O regulado pola Orde FOM 1144/2003, do 28 de abril, pola que se regulan os equipamentos de seguridade, salvamento, contra incendios, navegación e prevención de verteduras de augas sucias, que deben levar a bordo as embarcacións de recreo, en función da zona marítima onde se realice a navegación.

- O exixido para as zonas marítimas onde se realice a navegación de acordo co Real decreto 1185/2006, do 16 de outubro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as radiocomunicacións marítimas a bordo dos buques civís españois e a normativa no seu desenvolvemento.

- No caso de que as embarcacións deban estar dotadas de radiobalizas de localización de sinistros, deberán dispor das follas de rexistro e proclamación delas.

d) Cando se trate de embarcacións fabricadas e provenientes de países terceiros, a empresa solicitante deberá xuntar copia do certificado de cargo alfandegueiro ou do DUA ou certificado da empresa importadora do cumprimento dos trámites alfandegueiros.

Artigo 4. *Presentación das solicitudes.*

As solicitudes dirixidas á Dirección Xeral da Mariña Mercante poderanse presentar na oficina de información e rexistro da citada dirección xeral ou nas sedes das capitanías marítimas e distritos marítimos, así como en calquera dos outros lugares determinados no artigo 38, número 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes tamén poderán ser presentadas por medios electrónicos.

Artigo 5. *Tramitación e resolución.*

1. O procedemento de outorgamento dos permisos temporais de navegación tramitarao e resolverao a Dirección Xeral da Mariña Mercante no prazo de quince días desde a súa recepción na dita dirección xeral, de acordo co disposto na Lei 30/1992.

2. No caso de que a resolución for favorable, expedirase o correspondente permiso, conforme o modelo que figura como anexo II deste real decreto, en que se fará constar o prazo de validez do permiso concedido, que en ningún caso poderá ser superior aos seis meses.

3. Se transcorrido o prazo a que se refire o punto primeiro deste artigo non se ditou resolución expresa, a solicitude entenderase denegada, de conformidade co disposto na disposición adicional vixésimo novena. 2 e no seu anexo II da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Artigo 6. *Recursos.*

Contra as resolucións do director xeral da Mariña Mercante poderase interpor recurso de alzada ante o secretario xeral de Transportes no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación.

Artigo 7. *Asignación de sinais identificativos.*

No certificado asignarase ás embarcacións e buques un sinal alfanumérico que coincidirá co número de identificación (CIN) e que se deberá levar adherido ou pintado no casco, con pintura ou material indeleble, en caracteres escuros sobre fondo claro ou en caracteres claros sobre fondo escuro, en función da cor da pintura do buque.

Artigo 8. *Requisitos exixidos aos tripulantes e persoal a bordo.*

1. O goberno das embarcacións de recreo deberá estar a cargo de persoal coa titulación profesional náutica ou a titulación náutico-deportiva adecuada á eslora da embarcación e á distancia de navegación.

2. A Dirección Xeral da Mariña Mercante establecerá o número de tripulantes, en función do tamaño e do tipo de embarcación, da zona de navegación e da duración desta.

3. Nos supostos previstos no punto primeiro do artigo 1 autorizarase até un máximo de tres persoas a bordo da embarcación, sempre que poidan ser potenciais adquirentes dela, ademais do persoal pertencente á empresa responsable da embarcación e sempre que a documentación técnica da embarcación o permita.

Así mesmo, en ningún caso os permisos a que se refire o punto primeiro do artigo 1 poderán habilitar para a realización destas actividades en períodos nocturnos, con tempo que non sexa estable ou se se afastan máis de cinco millas do porto base ou dúas da liña de costa.

4. Durante os desprazamentos a que se refire o punto segundo do artigo 1 soamente poderá ir a bordo persoal adscrito á empresa responsable da embarcación.

Artigo 9. *Dispoñibilidade dos permisos.*

Os permisos temporais, así como as súas prórrogas, levaranse a bordo das embarcacións para as que foron outorgados e exhibiranse ás autoridades marítimas por requirimento destas.

Artigo 10. *Prórrogas dos permisos.*

1. Os permisos temporais de navegación regulados por este real decreto poderán ser prorrogados polo director xeral da Mariña Mercante por petición das empresas interesadas, por períodos iguais a aqueles polos que foron outorgados, sempre que se manteñan as condicións e elementos de seguridade da embarcación e de persoal exixidos, así como a vixencia do seguro de responsabilidade civil regulado no artigo seguinte.

2. A petición da prórroga deberase formalizar mediante solicitude ante o director xeral da Mariña Mercante, conforme o impreso que figura no anexo III deste real decreto e polo menos quince días antes de que finalice o prazo de vixencia dos permisos.

3. A resolución pola que se conceda a prórroga, que se deberá ditar nun prazo máximo de 15 días desde a recepción da solicitude na Dirección Xeral da Mariña Mercante, notificarase mediante certificado dirixido ao interesado conforme o formato establecido no anexo IV.

4. Transcorrido o prazo a que se fai referencia no punto anterior sen que se ditase resolución, os permisos temporais prorrogaranse automaticamente por períodos iguais e sucesivos aos fixados na resolución por que se outorgou o permiso inicial.

5. Contra as resolucións do director xeral que outorguen ou deneguen as prórrogas dos permisos temporais, poderase interpor o recurso regulado no artigo 6 deste real decreto.

Artigo 11 *Seguro de responsabilidade civil.*

Todas as embarcacións deberán ter a correspondente cobertura do seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria en vigor, durante o tempo que dure o evento de que se trate, nos termos establecidos polo Real decreto 607/1999, do 16 de abril, polo que se aproba o Regulamento do seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria para embarcacións de recreo ou deportivas

Artigo 12. *Seguimento e control.*

Unha vez outorgados os permisos temporais de navegación nos termos do artigo 5 ou concedida a súa prórroga, de acordo co artigo 10, o seu seguimento e control realizarao a Dirección Xeral da Mariña Mercante a través das capitanías marítimas e os distritos marítimos.

Artigo 13. *Réxime sancionador.*

O incumprimento das obrigas reguladas neste real decreto constitúe infracción administrativa no ámbito da mariña civil. As infraccións serán clasificadas, segundo a súa gravidade, conforme os artigos 114, 115 e 116 da Lei 27/1992, e sancionadas conforme o establecido no capítulo IV do título IX da citada lei. Así mesmo, será de aplicación a regulación contida nos correspondentes regulamentos sobre procedemento sancionador, desenvolvidos tanto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, como no anexo II do Real decreto 1772/1994, do 5 de agosto, polo que se adecuan os procedementos administrativos en materia de transportes terrestres, aviación civil e mariña mercante á Lei 30/1992.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias exclusivas que en materia de mariña mercante outorga ao Estado o artigo 149.1.20.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

1. Autorízase o director xeral da Mariña Mercante para ditar os actos de execución necesarios para a aplicación deste real decreto.

2. Así mesmo, facúltase o director xeral da Mariña Mercante para modificar os anexos deste real decreto, cando isto veña exixido por modificacións legislativas ou por motivos técnicos.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Barcelona o 20 de maio de 2010

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
JOSÉ BLANCO LÓPEZ

ANEXO I

SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE PERMISO TEMPORAL DE NAVEGACIÓN
PARA EMBARCACIONES DE RECREO

Solicitante:

Nome do solicitante:		DNI/NIF/pasaporte:	
Nacionalidade:		TIE: copia ou autorización de acceso á información (1)	
Denominación da empresa:			
Teléfono de contacto:	Domicilio:		
Código postal:	Cidade:	Provincia:	

EXPÓN: que como empresa exhibidora, importadora, construtora, concesionaria ou de distribución de embarcacións de recreo (rísquese o que non proceda) solicita, ao abeiro do disposto no Real decreto 685/2010, do 20 de maio, o outorgamento dun permiso temporal de navegación para a embarcación cuxos datos figuran a continuación, co obxecto de poder realizar as actividades a que se refire o dito real decreto.

Datos da embarcación:	Documentos que se xuntan conforme os artigos 3 e 11 do Real decreto 685/2010, do 20 de maio
Tipo de embarcación: Vela / motor (rísquese o que non proceda)	<p><i>Poña unha cruz na documentación que presenta.</i></p> <p><input type="checkbox"/> <i>Copia da declaración escrita de conformidade da embarcación.</i></p> <p><input type="checkbox"/> <i>Cálculos que demostren a categoría de deseño, a estabilidade e francobordo da embarcación. (En caso de prototipo que non dispoña de marcación CE).</i></p> <p><input type="checkbox"/> <i>Copia da declaración escrita de conformidade do/s motor/es.</i></p> <p><input type="checkbox"/> <i>Declaración responsable da empresa solicitante, referente a que as embarcacións dispoñen a bordo do material especificado no artigo 3 do Real decreto 685/2010, do 20 de maio.</i></p> <p><input type="checkbox"/> <i>Copia do certificado de cargo alfandegueiro ou do DUA ou certificado da empresa importadora do cumprimento dos trámites alfandegueiros. (Para embarcacións fabricadas e provenientes de países terceiros).</i></p>
Marca:	
Modelo:	
CIN:	
Eslora:	
Manga:	
Material do casco:	
N.º máximo de persoas:	<p><input type="checkbox"/> <i>Outro, especifique _____</i></p>
Categoría de deseño:	
Motor:	
Marca:	
Modelo:	
N.º de serie:	
Potencia (kW):	
Combustible: gasolina/diésel (rísquese o que non proceda)	

(1) Autorizo a Dirección Xeral da Mariña Mercante a que realice as actividades precisas para acceder a estes datos, conforme o previsto polo Real decreto 522/2006, do 28 de abril.

O/A asinante declara que os datos indicados son certos,

Lugar e data:

Sinatura:

DIRECTOR XERAL DA MARIÑA MERCANTE

ANEXO II

PERMISO TEMPORAL DE NAVEGACIÓN PARA DETERMINADAS EMBARCACIONES DE RECREO

Datos da embarcación			
CIN: --	Marca:	Modelo:	Eslora ISO:
Material do casco:	Tipo de propulsión <input type="checkbox"/> Foraborda <input type="checkbox"/> Intraforaborda <input type="checkbox"/> Vela <input type="checkbox"/> Outro, especifique _____	Combustible: <input type="checkbox"/> Gasolina <input type="checkbox"/> Diésel <input type="checkbox"/> Eléctrico <input type="checkbox"/> Outro, especifique _____	Potencia máxima: (kW)
Categoría de deseño: <input type="checkbox"/> A <input type="checkbox"/> B <input type="checkbox"/> C <input type="checkbox"/> D	Zona de navegación:	N.º máximo de persoas a bordo	N.º de tripulantes a bordo
Datos da empresa solicitante (marque a que corresponda):			
<input type="checkbox"/> Propietaria <input type="checkbox"/> Importadora <input type="checkbox"/> Construtora <input type="checkbox"/> Concesionaria <input type="checkbox"/> Distribuidora			
Nome:			
Domicilio			Código postal:
Cidade		Provincia	

De conformidade co previsto polo artigo 5.2 do Real decreto 685/2010, do 20 de maio, autorízase provisionalmente a embarcación descrita para a navegación na zona, co seguinte número de tripulantes e co máximo de persoas a bordo, por un período de.....

....., de de.....

DIRECTOR XERAL DA MARIÑA MERCANTE

ANEXO III

SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE PERMISO TEMPORAL DE NAVEGACIÓN PARA DETERMINADAS EMBARCACIONES DE RECREO

De conformidade co artigo 10.2 do Real decreto 685/2010, do 20 de maio, solicítase prórroga de permiso temporal para a navegación, de acordo cos datos que a continuación figuran.

CIN da embarcación	Data de outorgamento do permiso temporal inicial	Zona de navegación autorizada
Nome da empresa solicitante da embarcación		Número de tripulantes

O solicitante declara que os datos achegados son certos e que as condicións de seguridade da embarcación se corresponden coas exixidas no momento do outorgamento do permiso temporal inicial para a navegación da embarcación.

Así mesmo, o solicitante declara que está vixente o seguro de responsabilidade civil de cobertura da embarcación que exige o artigo 11 do Real decreto 685/2010, do 20 de maio.

Lugar, data e sinatura

DIRECTOR XERAL DA MARIÑA MERCANTE

ANEXO IV

PRÓRROGA DE PERMISO TEMPORAL DE NAVEGACIÓN PARA DETERMINADAS EMBARCACIÓNS DE RECREO

Datos da embarcación			
CIN: --	Marca:	Modelo:	Eslora ISO:
Material do casco	Tipo de propulsión <input type="checkbox"/> Foraborda <input type="checkbox"/> Intraforaborda <input type="checkbox"/> Vela <input type="checkbox"/> Outro, especifique _____	Combustible: <input type="checkbox"/> Gasolina <input type="checkbox"/> Diésel <input type="checkbox"/> Eléctrico <input type="checkbox"/> Outro, especifique _____	Potencia máxima: (kW)
Categoría de deseño: <input type="checkbox"/> A <input type="checkbox"/> B <input type="checkbox"/> C <input type="checkbox"/> D	Zona de navegación:	N.º máximo de persoas a bordo	N.º de tripulantes a bordo
Datos da empresa solicitante (marque a que corresponda):			
<input type="checkbox"/> Propietaria <input type="checkbox"/> Importadora <input type="checkbox"/> Construtora <input type="checkbox"/> Concesionaria <input type="checkbox"/> Distribuidora			
Nome:			
Domicilio:			Código postal:
Cidade:		Provincia:	
Data do permiso inicial de navegación provisional:			

De conformidade co previsto polo artigo 10.3 do Real decreto 685/2010, do 20 de maio, prorrógase o permiso provisional á embarcación descrita por un período de seis meses contados desde a data de emisión deste permiso, utilizando o mesmo sinal alfanumérico na embarcación conferido co permiso inicial....., co seguinte número de tripulantes e co máximo de persoas a bordo, para navegar na zona

....., de de 201...

DIRECTOR XERAL DA MARIÑA MERCANTE